SECCION PRATO

NORMAS DE PARTICIPACIÓN NAS COMPETICIÓNS OFICIAIS, CAMPIONATOS PROVINCIAIS, GALEGOS, NACIONAIS E INTERNACIONAIS

ANO 2025

Pendentes de aprobación

ÍNDICE

NORMAS DE CARÁCTER XERAL

TIRADORES:

Habilitacións
Licenzas.
Categorías.
Tiradores de clase Junior e Junior Feminino
Tiradoras de clase Senior e Donas
Tiradores de clase Veterano
Tiradores de clase Veteranos Master

Xuices-Árbitros
Delegado Federativo.
Xurado de Competición

CLUBES:

Clubes

CAMPIONATOS GALEGOS:

Campionatos Galegos
Distancia das competicións
Inscricións
Trofeos
Axudas

CAMPIONATOS NACIONAIS:

Campionato de España Equipos Autonómicos en F.O.
Campionato de España Copa de España en F.O
Campionato de España por Categorías de F.O
Campionato de España Copa de España en F.U
Campionato de España Equipos Autonómicos en F.U.
Medallas conseguidas en Cptos. Nacionais

CAMPIONATOS INTERAUTONOMICOS E OUTRAS COMPETICIONS

FOSO OLÍMPICO

CAMPIONATO GALEGO DE FOSO OLIMPICO

Regulamento

COPA GALICIA DE FOSO OLÍMPICO

Regulamento

CAMPIONATO GALEGO DE REGULARIDADE EN FOSO OLÍMPICO

Normas de clasificación.
Competicións puntuables.
Premios en metálico que se establecen.

CAMPIONATO GALEGO DE REGULARIDADE POR EQUIPOS DE CLUBES EN FOSO OLIMPICO

Normas de clasificación.

CAMPIONATO GALEGO POR EQUIPOS DE CLUBES EN FOSO OLÍMPICO

Inscricións.
Prazo de inscrición.
Sorteo de escuadras.
Desenvolvemento da competición.
Cadro de eliminatorias.
Desempates.
Trofeos.

DOBRE TRAP

CAMPIONATO GALEGO DE DOBRE TRAP

Regulamento.

SKEET

CAMPIONATO GALEGO DE SKEET

Regulamento.

FOSO UNIVERSAL

CAMPIONATO GALEGO DE FOSO UNIVERSAL

Regulamento.

CAMPIONATO GALEGO DE REGULARIDADE EN FOSO UNIVERSAL

Normas de clasificación.
Campionatos puntuables.
Modo de desempate.
Premios en metálico que se establecen.

CAMPIONATO GALEGO DE REGULARIDADE
POR EQUIPOS DE CLUBES EN FOSO UNIVERSAL

Normas de clasificación.

MINIFOSO

CAMPIONATO GALEGO DE MINIFOSO.

Regulamento.

NOTAS ACLARATORIAS.

NORMAS DE PARTICIPACIÓN NOS CAMPIONATOS PROVINCIAIS, GALEGOS, NACIONAIS E INTERNACIONAIS, DA MODALIDADE DE PRATO.

Segundo a Lei 3/2012 do 2 de Abril, Xeral do Deporte de Galicia, só serán competicións oficiais, as que organiza a Federación Galega de Tiro Olímpico.

As Competicións Oficiais da Federación Galega de Tiro Olímpico (FEGATO), publicaranse nun calendario oficial e rexiranse:

Polas súas propias normas de organización e Técnicas, tendo como supletorias o estipulado nos Regulamentos Técnicos da ISSF, FITASC e MLAIC, así como os xerais e específicos da Real Federación Española de Tiro Olímpico.

A FEGATO, como organizadora das Competicións no ámbito Autonómico, poderá introducir as modificacións ou adaptacións que considere oportunas e necesarias para o mellor desenvolvemento das mesmas

A Organización, por situacións de forza maior, poderá introducir modificacións ou adaptacións que considere necesarias para o mellor desenvolvemento das Competicións. As modificacións de calendarios deportivos, orzamentos e normas aprobadas en Asemblea Xeral da FEGATO.

Calquera incidencia imprevista no desenvolvemento da competición , será resolta, en cada ocasión, polo Comité de Competición, e en última instancia polo Comité de Apelación da Federación Galega de Tiro Olímpico.

Para participar nos Campionatos Galegos e Nacionais e demais Competicións oficiais, haberán de observarse as seguintes instrucións:

TIRADORES

A practica das modalidades de tiro o prato supoñen notables diferenzas co resto das modalidades de tiro da Fegato. De tal xeito que una persoa non recibe formación específica que permita chegar o campo de tiro e practicar o tiro de forma segura, sen interferir o adestramento ou competición do resto de usuarios.

A Federación recomenda que todos os clubes teñan adestrador nacional ou autonómico para instruir basicamente aos novos tiradores, sobre todo en seguridade e comportamento nunha cancha de tiro, como fin de que os novos tiradores se sintan cómodos e seguros na práctica de este deporte.

A Federación fará cursos para adestradores autonómicos en data e lugar a determinar co fin de facilitar a obtención de titulo de adestrador.

Licenzas:

As licenzas federativas expedidas pola Federación Galega de Tiro Olímpico para o ano 2025, contan con homologación nacional e seguro deportivo con cobertura nacional.

Para participar nas competicións oficiais programadas pola Federación Galega de Tiro Olímpico, deberán estar en posesión da Licenza Federativa Galega da modalidade de prato para o ano en curso.

O Tirador que compita sen estar en posesión da devandita licenza federativa, poderá ser sancionado, con arreglo á vixente lexislación en materia deportiva, e será descalificado inmediatamente da competición, non permitíndolle continuar na mesma.

O Tirador que se inscriba nas competicións oficiais, organizadas pola Federación Galega de Tiro Olímpico, deberá presentar a licenza federativa na súa primeira participación, no intre en que proceda a retirar o dorsal. De non presentar a licenza en vigor, non poderá participar na competición.

Aparte do anterior, ós tiradores teñen que estar en posesión da Licenza de Armas que ampare a arma que utilizan na práctica da actividade oficial, así como da guía da mesma. Os tiradores menores de dezaoito anos, que teñan recoñecida a categoría de Junior, esixiráselles estar en posesión de Autorización Especial de uso de armas para menores.

O Delegado Federativo, poderá esixir ao Tirador a documentación que acredite tales autorizacións. Se o Tirador carece delas, ou se nega a presentalas, non poderá participar na

competición, e será suspendido da mesma. Unha vez comprobado tal extremo, será comunicado a Intervención de Armas correspondente.

O Tirador que solicite a súa inscrición nas competicións oficiais organizadas pola Federación Galega de Tiro Olímpico, asume, baixo a súa responsabilidade, que cumpre coa normativa vixente que regula a súa participación.

CATEGORÍAS:

As categorías son asignadas a partir das marcas ou puntuacións que aparecen no seguinte cadro, que regula a FEGATO ao referido ás categorías:

F.O.	S.K.	D.T.O.	F.U.	MINIFOSO	CATEGORÍA
119 ou máis	119 ou máis	130 ou máis	190 ou máis	71 ou máis	1ª CATEG.(SR-VT-JR)
117 ou máis	117 ou máis	122 ou máis	188 ou máis	71 ou máis	DONAS
113 a 118	113 a 118	125 a 129	178 a 189	67 a 70	2ª CATEG.(SR-VT-JR)
111 a 116	111 a 116	116 a 121	178 a 187	67 a 70	DONAS
100 a 112	100 a 112	110 a 124	160 a 177	60 a 66	3ª CATEG.(SR-VT-JR)
100 a 110	100 a 110	106 a 115	158 a 177	60 a 66	DONAS
Ata 99	Ata 99	Ata 109	Ata 159	Ata 59	4ª CATEGORÍA

Un tirador ascenderá de categoría, cando no transcurso dun periodo anual alcance, alomenos, dúas veces as devanditas porcentaxes en Competicións do calendario oficial galego, competicións nacionais do calendario da RFEDETO e internacionais dos calendarios da FITASC e ISSF.

Unha vez logradas as puntuacións, (dúas veces) dentro dun período anual, aínda que sexan en dous anos consecutivos, (exemplo, se un tirador consegue unha marca 119 pratos o 7 de setembro e outra marca 120 pratos o 20 de marzo do ano seguinte) o ascenso terá efecto dende o momento no que a Federación o comunique ao deportista.

A Federación ten potestade para, conforme ao cadro de categorías e as normas sobre ascensos e descensos, ascender a un tirador de categoría polas súas actuacións deportivas nas competicións que se consideren válidas para tal circunstancia.

Para ascenso a 3ª categoría a Federación exigirá dúas marcas, pero se o tirador ten unha marca e solicita o ascenso, éste se concederá.

A partir do 1 de xaneiro, tódolos tiradores de 1ª categoría, cando en dous anos consecutivos non fagan os porcentaxes da súa categoría descenderán á 2ª categoría. O Tirador descendido de categoría voltará a ascender novamente se alcanza as porcentaxes establecidas.

En Foso Universal serán válidas para ascenso as tiradas de 100 e 75 pratos que se celebren no Campionato Galego de Regularidade según o seguinte cadro:

FOSO UNIVERSAL	100 PRATOS	75 PRATOS
1ª CATEGORÍA	95	72
1ª CATEGORÍA DONAS	94	71
2ª CATEGORÍA	90	68

2º CATEGORÍA DONAS	89	67
3ª CATEGORÍA	80	61
4ª CATEGORÍA	Ata 79	Ata 60

Na Comunidade Autónoma serán válidas tamén para ascensos as tiradas a 100 e 75 pratos que se celebren no Campionato Galego de Regularidade.

As tiradas a 75 pratos en FU, se terán en conta para ascensos en Minifoso. A categoría de Minifoso, se equipara a de FU, en caso de ser inferior.

Combinación de distintas marcas para ascensos:

- Dúas de 200 pratos
- Unha de 200 pratos + Dúas de 100 pratos
- Unha de 200 pratos + Duas de 75 pratos
- Dúas de 100 e duas de 75 pratos
- Catro de 100 pratos
- catro de 75

Estas puntuacións terán caracter retroactivo para o ano 2024

Todo tirador que por calquera motivo ou circunstancia desexe descender de categoría (1ª e 2ª solamente), deberá solicitalo a esta Federación, debendo fundamentar os motivos que avalan esta petición.

A Federación estudiará o caso e contestará ao tirador no menor tempo posible

A Primeira categoría perderase, pasando á Segunda categoría, cando o tirador non consiga as porcentaxes establecidas durante os dous anos naturais seguintes ao ascenso. O Tirador descendido de categoría voltará a ascender novamente se alcanza as porcentaxes establecidas.

Serán consideradas válidas para ascenso todas as tiradas de Campionatos Galegos de Regularidade, campionatos nacionais e internacionais dos calendarios da FITASC e ISSF.

Tamén serán válidas para ascenso as competicións celebradas polos clubes que reunan as condicións esixidas pola FEGATO cas seguintes condicións: Requerirase a presencia de dous árbitros federativos máis a presencia dun delegado federativo con coste ao clube.
Concederase unha tirada por clube que dispoña das instalacións adecuadas a partir do ano 2024 inclusive (mínimo dúas canchas).

CLASES

Establécense as distintas categorías en función das idades e sexo dos participantes:

- Juniors, masculinos e femininos, con idades comprendidas entre o 14 anos e o 31 de decembro do ano en que cumpran 21 anos. Adaptado á normativa ISSF.
- Sub23, con idades comprendidas entre os 19 e os 23 anos. Esta clase utilízase soamente nas competicións nacionais ou internacionais de Xóvenes Promesas.

- Seniors e Damas, con idades comprendidas entre o 1 de xaneiro do ano en que cumpran os 22 anos e ata os 64 anos. Adaptado á normativa ISSF.

- Veteranos/as maculinos e femininos partir do 1 de xaneiro do ano en que cumpran 65 anos.

- Veteranos/as Master, masculinos e femininos, a partir do 1 de xaneiro do ano en que cumpran os 75 anos.

Todos os tiradores ascenderán de categoría no mesmo ano en que cumpran a idade mínima fixada. Os tiradores que ascenden á categoría de veteranos teñen a posibilidade de renunciar a esta categoría mediante comunicación escrita á FEGATO, que debe enviarse antes do 30 de Novembro do ano en curso.

Tiradores de clase veterano e veterano master:

Se o tirador pertencese a outra Federación Territorial, deberá xustificalo coa presentación da correspondente certificación, ou copia compulsada da licenza federativas do último ano.

A súa participación nas competicións que figuran no calendario oficial da modalidade de Prato da Federación Galega de Tiro Olímpico, regúlanse do seguinte xeito:

Nos Campionatos Galegos e nas fases do Campionato Galego a súa inscrición será a que se sinala no apartado de inscricións, tendo opción ós trofeos da táboa xeral, categoría (se a houbese) e clase.

Tiradoras de clase Donas

A súa participación nas competicións que figuran no calendario oficial da modalidade de Prato da Federación Galega de Tiro Olímpico, regúlanse do seguinte xeito:

Nos Campionatos Galegos e Fases do Campionato Galego a súa inscrición será a que se sinala no apartado de inscricións, tendo opción ós trofeos da táboa xeral, categoría (se a houbese) e clase.

Tiradores de clase Junior Masculino e Junior Feminino:

A súa participación nas competicións que figuran no calendario oficial da modalidade de Prato da Federación Galega de Tiro Olímpico, regúlanse do seguinte xeito:

Nos Campionatos Galegos e Fases do Campionato Galego a súa inscrición será con cargo á Federación, para os tiradores con licencia da Federación Galega, tendo opción ós trofeos da táboa xeral, categoría (se a houbese) e clase.

Xuíces Árbitros:

As actuacións arbitrais, serán como segue:

Campionatos Galegos de Minifoso, Foso Universal, Foso Olímpico, así como a Copa Galicia de Foso Olímpico, Campionato Galego por equipos de clubes, Campionato galego de Dobre trap e Campionato Galego de Skeet.

Para as Fases do Campionato Galego de Minifoso, Foso Universal e Foso Olímpico, xurde a figura do árbitro coordinador, que a súa labor consistirá en vixiar e solucionar os posibles problemas arbitrais que xurdan durante o desenvolvemento da competición e será o xuíz-árbitro principal nos posibles desempates, series finais ou mortes súpetas. Nestas competicións serán os propios tiradores os que realicen as funcións propias do árbitro principal e dos árbitros auxiliares.

Créase a figura do xefe de árbitros, que será a persoa responsable da organización dos arbitraxes de prato de toda a actividade federativa, o cal será nomeado polo Presidente cada ano.

Establécense as seguintes contías:

Abonaranse por gastos de arbitraxe as seguintes cantidades:

110€ en competición de ata oito horas; a partir das oito horas abonaranse 15€ por cada hora.

As fraccións de hora regularanse desta maneira:
Ata 20 minutos non se paga
A partir de 20 minutos abonarase unha hora

Desta maneira compensaras en certa medida, que tanto árbitros como auxiliares normalmente están 15 minutos antes da proba.

Aplicarase a dedución correspondente de IRPF.

Incrementarase en 20€ en cada competición ao xefe de árbitros

Delegado Federativo:

Nos Campionatos Galegos, abonaránselles os gastos de desprazamento, mais unha axuda de custos reducida por cada día de competición mais outra polo día anterior ó inicio da competición.

XURADO DE COMPETICIÓN

Estará formado por tiradores con amplio coñecemento e experiencia no tiro ao prato, especialmente na modalidade na que se compite.

CLUBES

Os Clubes que programen competicións como actividade social no calendario galego, deberán cumprir e facer cumprir os Regulamentos das Competicións e as normas de participación que dicte a Federación Galega de Tiro Olímpico.

Os Clubes quedan obrigados a remitir as actas de tódalas competicións programadas no Calendario Galego da modalidade, á Federación Galega de Tiro Olímpico, no prazo máximo de QUINCE (15) días hábiles.

De inscribir a tiradores sen Licencia Federativa aparte das responsabilidades en que incurra o tirador, a FEGATO, poderá penalizar o Clube, co pago dunha cantidade equivalente o importe das Licencias federativas dos tiradores que participasen sen ela.

O non cumprimento dos Regulamentos e normas de participación establecidas pola Federación Galega de Tiro Olímpico, será motivo suficiente, para non publicar a actividade do clube infractor na tempada seguinte e non concederlle actividade oficial.

CAMPIONATOS GALEGOS

Os tiradores con licenza doutras Federacións Territoriais poderán participar en tódalas competicións oficiais, e deberán inscribirse na Federación Galega de Tiro Olímpico, nos prazos establecidos, pero non poderán recibir ningún premio nin da clasificación xeral nin da categoría ou clase, se ben aparecerán na acta de resultados no posto que acadasen. Tampouco percibirán axuda económica pola súa clasificación.

A súa participación remata aos 125 pratos en Foso Olímpico.

Tarifas a abonar para tiradores doutras Federacións:
Minifoso – 25€
Foso Olímpico – 40€
Foso Universal – 75 pratos – 25€
100 pratos – 30€
200 pratos – 60€

Estas tarifas axustaranse en caso de cambiar a situación actual

Para participar nos campionatos organizados pola Federación Galega de Tiro Olímpico, os tiradores con licenza galega só poderán inscribirse a través dos seus clubs. Os clubs realizarán as inscricións, tanto individuáis como por equipos, na aplicación web da Fegato ou na dirección de correo galega@fegato.es no caso de que non fora posible por problemas técnicos nesta aplicación.

O prazo de inscrición nas competicións organizadas pola FEGATO, remata ás 23.59 horas do xoves da semana da competición, pasado este prazo terán un recargo do 50% da inscrición e competirán nas escuadras con postos vacantes ou incompletas, podendo inscribirse ata unha hora antes da competición sempre e cando non supoñan un grave problema no desenvolvemento do programa.

Todo tirador que estea inscrito ó rematar o prazo establecido, queda obrigado ó pago da inscrición, aínda que non asista á competición, salvo causa de forza maior, que deberá xustificar. No caso de non xustificar a ausencia, deberá facer o ingreso da inscrición correspondente na Federación Galega, na conta habilitada ao efecto, antes da súa próxima inscrición.

O non cumprimento da norma anterior, será suficiente para negárselle a súa inscrición noutras competicións nas que teña que inscribirse a través da FEGATO.

Os clubes sedes das competicións organizadas pola FEGATO, abonaránselle as series de pratos realmente tiradas polos tiradores que participan na competición, a razón de 5,50 € por serie para foso e 7,50 € por serie para dobre trap .

Os Clubes que soliciten ser sede das competicións organizadas pola Federación Galega de Tiro Olímpico, deberán dispor das instalacións correspondentes, medios auxiliares e persoal necesario para poder desenvolver a competición no prazo establecido. De non ser así a FEGATO deducirá ao clube os gastos necesarios para suplir as deficiencias.

Aparte do anterior, o persoal do Club encargado das inscricións e control dos resultados deberá ser coñecedor das normas que regulan o desenvolvemento da actividade oficial da Federación.

A Federación Galega de Tiro Olímpico, á vista dos resultados económicos de edicións anteriores, e naqueles casos en que supoña unha perda económica considerable ou en casos de mal funcionamento das instalacións provocado polo mal estado destas ou falta de mantemento, poderá denegar a adxudicación de competicións oficiais ao club solicitante ou cambiar a sede dun campionato a outro clube que sí cumpra os requerimentos da Federación Galega de Tiro Olímpico.

Distancia das competicións

Copa Galicia de Foso Olímpico:
125 pratos mais play-off

Campionato Galego de Foso Olímpico:
125 pratos mais play-off
Fases dos Campionatos galegos de Foso Olímpico:
125 pratos mais play-off
Campionato Galego de Dobre Trap Olímpico:
150 pratos mais play-off.
Campionato Galego de Foso Universal:
200 pratos.
Fases dos campionatos Galegos de Foso Universal
100 pratos ou 75 pratos
Campionato Galego de Minifoso
75 pratos.

Inscricións:
(Estes prezos serán efectivos a partir do ano 2025 inclusive)

Campionato Galego de **Foso Olímpico**: Inscrición 55,00 €.
Fases do Campionato Galego de Foso Olímpico: Inscrición 50,00 €.
Copa Galicia de Foso Olímpico. Inscrición 60,00 €.

Campionato Galego de **Foso Universal**: Inscrición 65,00 €. (200 pratos)
Fases do Campionato Galego de Foso Universal e Tirada Puntuable:
75 pratos: 40,00€
100 pratos: 45,00€
Campionato Galego de **Minifoso**: Inscrición 50,00 €.

Campionato Galego por Equipos de Clubes: Inscrición 50,00 € por tirador (150,00 € por equipo).

<u>Inscricións dos tiradores de clase Veterano, Veterano Master, e Dona:</u>

FOSO OLÍMPICO
Copa Galicia: 55,00 €,.
Campionato Galego de Foso Olímpico 45,00 €.
Fases do Campionato Galego de Foso Olímpico 40,00€

FOSO UNIVERSAL
Campionato Galego de Foso Universal: 60,00 €. (200 pratos)
Fases do Campionato Galego de Foso Universal
75 pratos: 30,00 €.
100 pratos: 35,00€

Campionato Galego por Equipos de Clubes: 50,00 €.
Campionato Galego de Minifoso: 40,00 €.
Tódalas inscricións con pratos incluídos.

Inscricións dos Tiradores da clase Junior masculino e Junior feminino que participen nas competicións sinaladas no Calendario da Actividade Oficial: A inscrición e o custo dos pratos será con cargo á Federación, sempre e cando teñan a Licenza Federativa galega, en caso contrario abonaran a 8€ a serie.

No Campionato Galego por equipos de Clubs abonarán unha inscrición de 50,00 euros, como compoñentes de equipos.

Aparte do anterior, e se os ingresos o permiten, en colaboración cos Clubes afiliados á FEGATO, naqueles en que adestren, abonaráselles series de pratos ata un equivalente ás series consumidas nas competicións que participaron.

Inscricións en Campionatos Galegos e Competicións Nacionais

En evitación de situacións que se veñen producindo nos últimos anos, que supoñen un custo económico e de tramitacións para a Federación Galega de Tiro Olímpico, os tiradores que desexen participar en Competicións, nas que teñan que realizar a súa inscrición a través da FEGATO, deberán observar as seguintes normas:

a) **Campionatos Galegos**.- As inscricións faranse a través do club, na aplicación web da Fegato ou na dirección de correo galega@fegato.es no caso de que non fora posible por problemas técnicos nesta ampliación, nos prazos establecidos e nos horarios sinalados en cada unha delas.

b) **Competicións Nacionais,-** As inscricións deberán realizarse a través do club na Federación Galega de Tiro Olímpico. O prazo remata o luns as 9.00 horas da semana anterior ao da competición. **A Federación Galega de Tiro Olímpico, non procederá á inscrición de ningún tirador, que ó remate do prazo, non teña abonado a correspondente inscrición. Conta bancaria de ingreso: ABANCA: ES83-2080-5500-4130-4011-3430.**

Unha vez finalizado o prazo de inscrición, a Federación Galega designará os compoñentes dos equipos galegos para a competición, de selo caso. (Sempre por riguroso orde de clasificación nos campionatos de regularidade).

Rematado o prazo establecido (luns as 9.00 horas da semana anterior ao da competición). Os equipos que represente a Federación, serán confeccionados cos tiradores inscritos no prazo establecido, que cumpran coas normas de clasificación.

A inscrición para as competicións nacionais, realizarase a través do clube na aplicación web da Fegato, dentro das datas establecidas.

Insertarase na páxina web da Fegato, relación dos tiradores que poderán ir becados ás competicións nacionais, para poder compoñer o mellor equipo por resultados, coa finalidade de que a Federación Galega quede representada do mellor xeito posible. (Sempre por rigoroso orde de clasificación nos campionatos de regularidade.)

Series de adestramentos oficiais:

Os Clubes cobrarán como máximo, por serie de adestramento 6,50 € para Foso Olímpico, Minifoso e Foso Universal, e 7,50 € por serie en Dobre Trap.

Trofeos:

En todas as competicións será necesario un mínimo de tres tiradores para formar clasificación por categoría ou clase.

FOSO OLÍMPICO

Copa Galicia de Foso Olímpico:
Trofeos Clasificación Xeral: 3 Trofeos, 4º, 5º e 6º trofeo.
Categorías: 3 Trofeos de cerámica
Clase Vetarano, Veterano Master, Dona e Junior: 3 Trofeos de cerámica, ou trofeo de valor similar

Campionato Galego de Foso Olímpico:
Campión Absoluto: Placa.

Trofeos Clasificación Xeral: 3 Trofeos.
Clasificación por categorías: 1º. Trofeo ; 2º. Mini figura de cerámica; 3º. Mini figura de cerámica.
Clasificación Donas: 1ª Mini figura de cerámica e diploma; 2ª Diploma e 3ª Diploma.
Clasificación Veteranos: 1º Mini figura de cerámica e diploma; 2º Diploma e 3º Diploma.
Clasificación Veterano Master: 1º Mini figura de cerámica e diploma; 2º Diploma e 3º Diploma.
Clasificación Junior masculino: 1º Mini figura de cerámica e diploma; 2º Diploma e 3º Diploma.
Clasificación Junior feminino: 1º Mini figura de cerámica e diploma; 2º Diploma e 3º Diploma.

Campionato Galego de Dobre Trap Olímpico, Skeet e Campionatos Galegos de Regularidade, os establecidos nos seus Regulamentos.

Fases do campionato Galego programados como puntuables para o Campionato Galego de Regularidade en Foso Olímpico.

Campión de Fase: Trofeo.
Subcampión de Fase e Terceiro clasificado: Trofeo.

Clasificación por Categorías: 1º Mini figura de cerámica e diploma; 2º Diploma e 3º Diploma.
Clasificación Donas: Mini figura de cerámica e Diploma.
Clasificación Veteranos: Mini figura de cerámica e Diploma.
Clasificación Veterano Master: Mini figura de cerámica e Diploma.
Clasificación Junior masculino: Mini figura de cerámica e Diploma.
Clasificación Junior feminino: Mini figura de cerámica e Diploma.

FOSO UNIVERSAL

Campionato Galego de Foso Universal.

Vencedor absoluto: Placa
Subcampión: Trofeo.
Terceiro clasificado: Trofeo.
Cuarto clasificado: Trofeo

Clasificación por Categorías: Trofeo e diploma; 2º Mini figura de cerámica e Diploma e 3º Mini figura de cerámica e Diploma.

Clasificación Donas: 1ª Mini figura de cerámica e diploma; 2ª Diploma e 3ª Diploma.
Clasificación Veteranos: 1º Mini figura de cerámica e diploma; 2º Diploma e 3º Diploma.
Clasificación Veterano Master: 1º Mini figura de cerámica e diploma; 2º Diploma e 3º Diploma.
Clasificación Junior masculino: 1º Mini figura de cerámica e diploma; 2º Diploma e 3º Diploma.
Clasificación Junior feminino: 1º Mini figura de cerámica e diploma; 2º Diploma e 3º Diploma.

Fases do campionato Galego programados como puntuables para o Campionato Galego de Regularidade en Foso Universal.

Vencedor absoluto: Trofeo.
Subcampión: Trofeo.
Terceiro clasificado: Trofeo.
Clasificación categorías: 1ª Mini figura de cerámica e diploma; 2ª Diploma e 3ª Diploma.
Clasificación Donas: 1ª Mini figura de cerámica e diploma; 2ª Diploma e 3ª Diploma.
Clasificación Veteranos: 1º Mini figura de cerámica e diploma; 2º Diploma e 3º Diploma.
Clasificación Veterano Master: 1º Mini figura de cerámica e diploma; 2º Diploma e 3º Diploma.
Clasificación Junior masculino: 1º Mini figura de cerámica e diploma; 2º Diploma e 3º Diploma.
Clasificación Junior feminino: 1ª Mini figura de cerámica e diploma; 2ª Diploma e 3ª Diploma.

Clasificación Junior masculino: 1º Mini figura de cerámica e diploma; 2º Diploma e 3º Diploma. Clasificación Junior feminino: 1º Mini figura de cerámica e diploma; 2º Diploma e 3º Diploma.

MINIFOSO

Campionato Galego de Minifoso.

Vencedor absoluto: Placa.
Subcampión: Trofeo ou cerámica.
Terceiro clasificado: Trofeo ou cerámica.
Clasificación por Categorías: Trofeo ou cerámica e diploma; 2º Mini figura de cerámica e Diploma e 3º Mini figura de cerámica e Diploma.
Clasificación Donas: Mini figura de cerámica e Diploma.
Clasificación Veteranos: Mini figura de cerámica e Diploma.
Clasificación Junior masculino: Mini figura de cerámica e Diploma.
Clasificación Junior feminino: Mini figura de cerámica e Diploma.

A Federación poderá alternar os trofeos de prata ou cerámica por outro tipo de valor similar.

CAMPIONATOS NACIONAIS

EQUIPOS FEDERACIÓN

A Federación Galega de Tiro Olímpico, designará os tiradores a enviar ás competicións nacionais, e sempre que os ingresos da Federación o permitan:

Imprescindible haber disputado o campionato de regularidade para ir becado como tirador galego.

De ser posible a federación enviará tiradores aos seguintes campionatos de Foso Olímpico e Foso Universal.
En caso de que por calquera circunstancia non se puidera enviar tiradores a algunha de estas tiradas a Federación buscará alternativas en outras tiradas nacionais.

Ante a imposibilidade de celebrar as tiradas de Foso Olímpico (pola falta de luz natural nos meses de febreiro e marzo), antes da celebración do Campionato de España por Categorías, a celebrar en As Gabias (Granada), entre os días 2 e 4 de maio, a FEGATO enviará os tiradores clasificados na regularidade de F. O. do ano 2025 a Copa de España a celebrar os días de 4 a 6 de xuño, estando previsto antes de esta data 4 tiradas do campionato galego de regularidade, das que puntuarán as 3 mellores.

A Fegato, tamén enviará un equipo formado polos tres primeiros da Regularidade, a outra tirada nacional a determinar (preferentemente o Campionato de España Absoluto).

Campionato de España por Equipos Autonómicos en Foso Olímpico:

O Equipo vencedor no Campionato Galego por Equipos de Clubes do ano en curso, con premio en metálico de 300,00 € por tirador. As inscricións e os pratos serán con cargo á FEGATO. Facilitaráselles vestimenta deportiva. Deberán asistir, como mínimo dous compoñentes do equipo vencedor, podendo ser substituído o terceiro compoñente por outro tirador do Clube que acadase no ano, polo menos unha vez o resultado de 113/125 pratos no último período anual anterior a tirada.

De ser posible a Federación enviará outro equipo cos tres primeiros do Cpto. Galego de Regularidade.

En caso de que un ou máis compoñentes do equipo gañador do Cpto. Galego de Equipos de Clubs estea tamén clasificado nos tres primeiros da Regularidade, a Federación completará os tiradores que falten con outros tiradores do clube gañador, sempre e cando teñan alomenos unha media de 2ª categoría no último periodo anual. De non ser posible completarase por riguroso orde da clasificación da Regularidade.

O Comité Técnico de prato establecerá a formación dos equipos.

Copa de España en F.O:

Tres primeiros clasificados da Regularidade de Foso Olímpico do ano en curso.
Dous veteranos ou veteranos master, duas damas e dous juniors
Marcas mínimas para a clasificación:
veteranos e veteranos martes, duas veces 110 pratos
Donas dous veces 105 pratos
Juniors dous veces 110 pratos
Estas marcas deben facerse en tiradas federativas ou tiradas puntuables, en Galicia ou nacionais

De non ser posible no ano en curso, a Federación estudiará alternativas a aplicar.

Campionato de España por Categorías en Foso Olímpico:

A FEGATO, pretende dar a oportunidade de participar a tiradores de tódalas categorías, en Competicións Nacionais, e a Real Federación Española de Tiro Olímpico, programa o Campionato de España por Categorías en Foso Olímpico. A FEGATO, enviará ata un máximo de tres tiradores nas seguintes categorías: Primeira, Segunda, Terceira e Cuarta, clasificados no Campionato Galego de Regularidade do ano en curso.

De no ser posible a formación de equipos por non poder celebrar tiradas de clasificación antes da celebración desta tirada, a Federación enviará equipos a outra tirada nacional a determinar, preferentemente a Copa de España.

A FEGATO poderá formar dous equipos autonómicos cos tiradores becados no punto anterior seguindo a orde que estableza a clasificación da regularidade de Foso Olímpico do ano en curso.

Campionato de España por Categorías en Foso Universal:

A FEGATO, pretende dar a oportunidade de participar a tiradores de tódalas categorías, en Competicións Nacionais, e a Real Federación Española de Tiro Olímpico, programa o Campionato de España por Categorías en Foso Universal. A FEGATO, enviará ata un máximo de tres tiradores nas seguintes categorías: Primeira, Segunda, Terceira e Cuarta, clasificados no Campionato Galego de Regularidade do ano en curso.

De no ser posible a formación de equipos por non poder celebrar tiradas de clasificación antes da celebración desta tirada, a Federación enviará equipos a outra tirada nacional a determinar, preferentemente a Copa de España.

A FEGATO poderá formar dous equipos autonómicos cos tiradores becados no punto anterior seguindo a orde que estableza a clasificación da regularidade de Foso Universal do ano en curso

Campionato de España por Equipos Autonómicos en Foso Universal:

A Federación enviará un equipo, formado polos tres primeiros da clasificación do Campionato Galego de Regularidade do ano2024, con tres suplentes, en caso de que algún non poda asistir.

Premios en metálico para Campionatos de España

Os tiradores percibirán un premio en metálico de 300,00 € pola súa clasificación para asistir aos Campionatos de España que se indican nestas Normas. Os premios en metálico serán para suplir gastos de desprazamento, manutención e aloxamento. Imprescindible disputar os Campionatos de regularidade para recibir estes premios.

Como parte do Programa de Formación e Tecnificación da Federación Galega de Tiro Olímpico, enviaranse equipos de clase Junior ás competicións nacionais que clasifiquen por equipos junior.

Os tiradores Junior que compitan como equipo da Federación Galega de Tiro Olímpico, non ocuparán posto nas categorías, como tiradores premiados.

Como parte do Programa de Formación e Tecnificación da Federación Galega de Tiro Olímpico, enviaranse equipos da clase Donas ás competicións nacionais que clasifiquen por equipos Donas:

As Donas que compitan como equipo da Federación Galega de Tiro Olímpico, non ocuparán posto nas categorías, como tiradoras premiadas.

Do mesmo xeito que no caso anterior, A Federación Galega de Tiro Olímpico, enviará tiradores Junior masculino, Junior feminino e Donas, con cargo aos programas de Promoción, Formación ou Tecnificación, as competicións nacionais ou internacionais que se estimen oportunas para a súa formación ou tecnificación.

É condición indispensable que para poder formar parte dos equipos que representarán a Galicia, o tirador tivo que obter, no Campionato Galego de Regularidade que o clasifique un resultado, polo menos, que dá acceso na categoría que compite. De non cumprirse a condición anterior, a Federación Galega poderá nomear se así o considera, os compoñentes necesarios para completar equipos, tomando os resultados doutras actuacións do tirador (Ano anterior ou en curso, Campionatos de España, Equipos, Competicións autonómicas, etc.), nas que acadara os resultados que se esixen.

A FEGATO poderá inscribir equipos nas competicións nacionais que clasifiquen por Federacións Territoriais, entre os tiradores inscritos nas mesmas, previa comunicación aos mesmos. (Sempre seguindo a clasificación dos campionatos de regularidade)

O Tirador que forme parte dun equipo representando a Federación Galega de Tiro Olímpico, deberá finalizar a competición e esperar á entrega de trofeos, e como tal recibir a honra que lle corresponda. (Enténdese por equipo todo tirador becado pola Federación)

Os equipos que representen a FEGATO, proporcionaráselles vestimenta deportiva con anagramas da FEGATO, que deberán usar, obrigatoriamente, na entrega de Trofeos, Medallas e Diplomas.

A negativa a formar equipo que represente a FEGATO sen causa xustificada, ou o incumprimento das normas establecidas, suporá a non percepción da axuda correspondente, así como a súa vetación para formar equipos que representen á Federación Galega de Tiro Olímpico. Reclamaráselles o importe da inscrición individual, por equipos, pratos, vestimenta e cantos outros gastos ocasionasen.

Ás competicións organizadas pola Real Federación Española de Tiro Olímpico, de non acudir o Presidente ou o Vicepresidente da Sección de Prato, nomearase si é posible a un Delegado Federativo que representará á FEGATO, no campionato designado, coa obriga de exercer as funcións encomendadas. Unha vez finalizada a competición, deberá, á maior brevidade posible, remitir informe do desenvolvemento do Campionato, incidencias, etc. Para constancia na Federación.

Nos Campionatos Nacionais, aboaráselles os gastos de desprazamento, mais unha axuda de media manutención polo día anterior á competición e unha axuda de manutención completa por cada día de competición.

Se o Delegado Federativo é compoñente dos equipos da Federación Galega de Tiro Olímpico, abonaránselle unha axuda de media manutención polo día anterior á competición e unha axuda de manutención completa por cada día de competición.

Medallas conseguidas en Campionatos Nacionais:

Os tiradores que representando á Federación Galega de Tiro Olímpico, obteñan medalla en competicións nacionais, aboaráselles, a maiores dos premios establecidos, as seguintes cantidades:

Individual:

tres primeiros da xeral

Medalla de Ouro: 200,00€
Medalla de Prata: 170,00€
Medalla de bronce: 150,00€

Categorías

Medalla de Ouro:	100,00 €.
Medalla de Prata:	75,00 €.
Medalla de Bronce:	50,00 €.

Estas cantidades tamén se abonarán aos tiradores que acudan a título individual aos campionatos nacionais, sempre que a súa inscrición se faga a través da Federación Galega de Tiro Olímpico. De conseguir medalla, abonaráselles, ademáis do importe correspondente á mesma, a súa inscrición, pratos e bolsa de axuda de 300,00 euros , do seguinte xeito:

Clasificación por categoría ou clase:

Ata 6 tiradores participantes: Abonarase o importe da medalla.
De 6 a 12 tiradores participantes: Abonarase o importe da medalla e inscrición.
Máis de 12 tiradores participantes: Abonarase o importe da medalla, inscrición e bolsa de axuda.

Deberá esperar á entrega de trofeos, e como tal recibir a honra que lle corresponda.

Como nos anos anteriores, as Bolsas de axuda programadas, a que se refire o parágrafo anterior, non serán acumulables cando ás probas dos campionatos se celebren nas mesmas datas, en datas consecutivas ou cando o tirador compita no mesmo desprazamento.

Se tres tiradores inscritos na competición desexan formar equipo representando á Federación Galega, a Fegato abonará a inscrición correspondente ao equipo que representará á Federación nesa competición, estando obrigados ao cumprimento das mesmas normas que os equipos designados pola Federación.

CAMPIONATOS INTERNACIONAIS

INTERAUTONOMICOS E OUTRAS COMPETICIONS RELEVANTES.

Para Competicións de carácter Interautonómico, e outras Competicións, nas que a Federación Galega de Tiro Olímpico, considere necesaria ou beneficiosa a participación de equipos galegos nomeará os compoñentes dos mesmos que representarán
á FEGATO, nas devanditas competicións, coas mesmas condicións e normas que para as competicións nacionais.

Para percibir os premios en metálico programados para os Campionatos Galegos, Nacionais, Internacionais, Interautonómicos e outras competicións relevantes, os tiradores teñen que cumprir co disposto no Artigo 3 do Estatuto de Autonomía para Galicia.

Nas competicións nas que a Federación Galega de Tiro Olímpico considere necesaria ou beneficiosa a participación de equipos Juniors masculinos, Donas e Donas Junior, nomeará os compoñentes dos mesmos que representarán á FEGATO nas devanditas competicións, coas mesmas condicións e normas que para o resto dos tiradores galegos. A súa competición será supervisada polo Delegado Federativo que actuará como capitán de equipo da FEGATO.

Os tiradores que participen en Campionatos de Europa, Campionatos do Mundo, Copas de Europa e Copas do mundo, nas modalidades de Foso Olímpico, Foso Universal, Dobre Trap e Skeet, aboaránselle as seguintes cantidades:

Medalla individual: 300,00 euros; medalla por equipo: 200,00 euros.

FOSO OLÍMPICO

CAMPIONATO GALEGO DE FOSO OLIMPICO

Regulamento (Histórico).

1ª- Esta competición celebrarase cada ano entre o día 1° de maio e o 31 de agosto. A data exacta será fixada no Calendario Oficial da Federación Galega de Tiro Olímpico, dentro do periodo sinalado.

2ª- A organización correrá a cargo do clube organizador supervisado pola Federación Galega de Tiro Olímpico.

3ª- A competición será a 125 pratos. Ó finalizar disputarán a final os seis mellores da clasificación xeral.

4ª- A duración da tirada non excederá de dous días.

5ª- A clasificación será por categorías.

6ª- O programa constará de 4 trofeos para a clasificación xeral e tres por categorías máis Veteranos, Donas e Juniors. Para formar grupo por categorías, será necesario un mínimo de tres tiradores. En caso de que interese ó clube organizador, poderá aumentar o número de trofeos só por categorías.

7ª- O Campionato Galego de Foso Olímpico , celebrarase, por esta orde, nas seguintes instalacións: Club de Tiro Rio Sar; Sociedade Deportiva Pena da Revolta; Club de Tiro San Roque; e Club de Tiro Río Lérez. Conforme á orde establecida, o ano 2020 corresponde celebrarse nas instalacións da Sociedade Deportiva Pena da Revolta.

8ª- O trofeo ó ganador do campionato consiste nunha placa de prata que acredite tal título, e que será costeada pola Federación.

9ª- O gañador de cada edición será becado pola Federación, cun premio en metálico, que cada ano, e previa aprobación da Asemblea, estableza, e que nunca será inferior a 300 €. Sempre e cando dispute o Campionato Galego de Regularidade.

10ª- Para optar á bolsa de axuda que se sinala no parágrafo anterior, será condición indispensable ser galego ou estar empadroado en Galicia e sempre que compita con licencia da

Federación Galega. Se o tirador vencedor da competición non reunise estas condicións, o premio en metálico pasará o seguinte tirador clasificado na xeral, que as reúna.

11ª- Para o non especificado nestas bases, rexirase polas normas de participación nos campionatos galegos vixentes en cada momento.

12ª- Este Regulamento deberá figurar como anexo ó programa de man de cada competición.

13ª- A Federación Galega de Tiro Olímpico será quen velará polo cumprimento do presente Regulamento.

O presente Regulamento foi aprobado pola Asemblea Xeral da Federación Galega de Tiro Olímpico, en sesión ordinaria celebrada en Santiago de Compostela o día 19 de abril de 1987.

As modificacións a este regulamento foron aprobadas pola Asemblea da Federación Galega de Tiro Olímpico, en reunión ordinaria celebrada o día 29 de marzo de 2008, quedando aprobado o texto que figura como Regulamento.

COPA GALICIA DE FOSO OLÍMPICO

Regulamento (Histórico):

En Santiago de Compostela (A Coruña), sendo as dezanove trinta horas do día trinta de setembro de mil novecentos oitenta e dous, reúnense os representantes, debidamente autorizados, das Federacións Provinciais de Tiro Olímpico (Sección Prato), que a continuación se relacionan:

Pola Provincia de A Coruña, os señores Don Antonio Labora Calvo e Don Luis López Castro.

Pola Provincia de Lugo, Don José López Buide.

Pola Provincia de Pontevedra, os señores Don Juan Antonio Garrido Torrado e Don Manuel José Cruces Prado, os que, ademais, representan ós da provincia de Ourense, que xustifican a súa imposibilidade de asistir.

ACORDAN: A creación dunha COPA GALICIA de tiro ó prato en Foso Olímpico, con arreglo ás seguintes bases:

lª- Cada Federación Provincial aporta a cuarta parte do valor do trofeo, que é de 400.000 pesetas.

2ª- Esta competición celebrarase cada ano entre o día 1º de maio e o 30 de Setembro. A data exacta será fixada no calendario oficial da Federación Galega de Tiro Olímpico, dentro do periodo sinalado.

3ª- No ano 1983 celebrarase en Cernadiñas Novas (Pontevedra), a 200 pratos; no ano 1984 en El Juncal (A Coruña), a 100 pratos; no ano 1985 en Bonxe (Lugo), a 200 pratos; no ano 1986 en Altavista (Ourense), a 100 pratos, e así sucesivamente, cada ano nunha provincia diferente. No caso de que a provincia organizadora non poida realizar a tirada por calquera circunstancia, transmitirá os dereitos de celebración á Federación, que por quenda lle corresponda. A duración da tirada non superará os dous días.

4ª- O Clube organizador, a partir dos anos indicados, será designado pola Federación Provincial correspondente, con preferencia polos clubes que dispoñan de mellores instalacións.

5ª- O Campión de cada ano será premiado cunha reprodución da Copa Galicia, que terá un valor (sempre actualizado) como mínimo do 15% do trofeo orixinal, no que se engadirá unha placa grabada co nome do gañador.

6ª- A organización correrá a cargo do clube onde se celebre, supervisada pola Federación. O importe da inscrición (pratos aparte) fíxase en cinco mil pesetas. Esta cantidade incrementarase cada ano segundo o I.P.C.

7ª- 0 Programa será con 5 trofeos de prata, na clasificación xeral, ademais de reproducción para o campión, 3 trofeos mais para os tres primeiros clasificados en cada categoría, 1 trofeo para cada clase en donas junior, junior e veterano. No caso de interesar ó clube organizador pode incrementar o número de trofeos para categorías, pero deixando ben claro que só o gañador absoluto ostentará o título de Campión da Copa Galicia, non existindo campións por categorías.

8ª- A Custodia do Trofeo Copa Galicia correspóndelle á Federación Provincial á que pertenza o gañador, debendo esta entregala cun mes de anticipación o clube organizador para expoñelo durante a competición. A Provincial que custodie o trofeo responsabilizarase totalmente do mesmo.

9ª- O gañador de cada edición será Premiado en metálico pola súa Federación Provincial para tirar, o mesmo ano, na Copa de España. A bolsa consistirá en: viaxe en avión, hotel de tres estrelas, inscrición, pratos, e o valor de 500 cartuchos e dietas correspondentes.

10ª- Para optar ó título de Campión da copa Galicia e conseguir o trofeo, será condición indispensable ser galego ou estar empadroado en Galicia.

11ª- O trofeo orixinal Copa Galicia pasará en propiedade do tirador que a gañe tres anos seguidos ou cinco alternos. O ano que se entregue o trofeo orixinal, a reproducción quedará en poder da FEGATO para entregar nunha posterior edición.

12ª- O non especificado nestas bases, rexirase polo Regulamento de Tiradas (Modalidade de Prato) vixente en cada momento.

13ª- A Federación Galega de Tiro Olímpico será a encargada de velar polo cumprimento do presente Regulamento.

14ª- A reproducción da Copa Galicia asignada ó gañador, cada ano, será doada pola Federación Galega. O Premio que se concede ó ganador de cada edición é detallado na cláusula 9ª deste Regulamento, correrá a cargo da expresada Federación Galega de Tiro Olímpico.

15ª- Tódolos anos renovarase a póliza do seguro do trofeo orixinal actualmente vixente e o importe da mesma será abonado pola Federación Galega.

Modificacións posteriores ao Regulamento.

O presente Regulamento foi aprobado o día 30 de setembro de 1982 polos representantes das catro provincias galegas e refrendada en Asemblea Xeral Ordinaria da Federación Galega de Tiro Olímpico celebrada o día 12 de decembro de 1987, aprobándose na mesma amplia-los puntos 13, 14 e 15.

Na asemblea da Federación Galega de Tiro Olímpico celebrada o día 27 de febreiro de 1993 acordase modificar a base 3ª establecendo a distancia 125 pratos.

Na Asemblea da Federación Galega de Tiro Olímpico celebrada o día 26 de febreiro de 1994 acordase que en caso de celebrarse a Copa de España de Foso Olímpico con anterioridade á Copa Galicia, a Federación Galega poderá designar outra competición do calendario nacional para dar cumprimento á base 9ª do Regulamento.

Na asemblea extraordinaria da Federación Galega de Tiro Olímpico celebrada o día 16 de Febreiro de 2002, aprobáronse as modificacións das cláusulas 2, 7 e 11.

As modificacións a este regulamento foron aprobadas pola Asemblea da Federación Galega de Tiro Olímpico, en reunión ordinaria celebrada o día 29 de marzo de 2008, quedando aprobado o texto que figura como Regulamento e Modificacións posteriores ao Regulamento.

Na asemblea xeral extraordinaria da Federación Galega de Tiro Olímpico, celebrada o día 15 de decembro de 2018, acordase a modificación da base 3ª do Regulamento, quedando redactada como segue: O Campionato Copa Galicia, celebrarase, por esta orde, nas seguintes instalacións: Club de Tiro Rio Sar; Sociedade Deportiva Pena da Revolta; Club de Tiro San Roque e Club de Tiro Río Lérez. Conforme á orde establecida, o ano 2019 corresponde celebrarse nas instalacións da Sociedade Deportiva Pena da Revolta.

Cando se incorporen novas instalacións de tiro con capacidade mínima de dous fosos olímpicos, incluirase na relación por orde de provincia e clube. A duración da tirada non superará os dous días.

Modifícase o punto 7 que pasa a ser 3 trofeos de prata para os tres primeiros clasificados da xeral e cerámica para os tres primeiros de cada categoría e crase.

Modifícase o punto 9, o gañador será premiado ca reprodución da Copa Galicia na línea dos anos anteriores e un premio en metálico de 300€ (imprescindible a disputa do campionato de Regularidade para recibir o premio en metálico, ou trofeo de valor similar)

Modifícase o punto 11, O trofeo orixinal Copa Galicia pasará en propiedade do tirador que a gañe catro anos seguidos ou seis alternos. O ano que se entregue o trofeo orixinal, a reprodución quedará en poder da FEGATO para entregar nunha posterior edición.

CAMPIONATO GALEGO DE REGULARIDADE EN FOSO OLÍMPICO

Normas de clasificación

As competicións que a continuación se relacionan son puntuables para a formación dos equipos que representarán á Federación Galega de Tiro Olímpico, e puntuarán para conseguir a súa clasificación para participar en competicións nacionais e os Premios en metálico que se establecen.

Campionatos puntuables

1ª Fase Campionato Galego Foso Olímpico
2ª Fase Campionato Galego Foso Olímpico
3ª Fase Campionato Galego Foso Olímpico
4ª Fase Campionato Galego Foso Olimpico
Campionato Galego de F.O.
XXXVIII Copa Galicia F.O.

Destas **Seis** competicións escolleranse as **catro** mellores nas que o tirador obtivese o menor número de puntos negativos (de non tirar catro de cinco non se terá opción a premios de regularidade nin a becas)

Ó gañador da tirada adxudicaránselle cero (0) puntos, e os clasificados a continuación o mesmo número de puntos como pratos o separen do gañador, e unha vez sumados estos, darán a clasificación final do Campionato Galego de Regularidade en Foso Olímpico.

Os desempates resolveranse polos resultados das últimas tiradas escollidas para puntuar, empezando pola última, excepto para o posto de Campión Galego de Regularidade, que se desempatará no lugar e data que sinale a Federación Galega de Tiro Olímpico.

No Campionato Galego de Regularidade en Foso Olímpico, non se poderán incluir máis de dúas competicións por instalación.

Premios en metálico por clasificación que se establecen para este campionato:

Clasificación absoluta:		
Campión Regularidade	500,00 €.	500,00 €
Clasificación xeral:		
1º clasificado	400,00 €.	
2º clasificado	350,00 €.	
3º clasificado	260,00 €.	
4º clasificado	230,00 €.	
5º clasificado	200,00 €.	1.440,00 €.
Primeira categoría:		
1.° clasificado	180,00 €.	
2.° clasificado	170,00 €.	
3.° clasificado	160,00 €.	
4º clasificado	150,00 €.	

5º clasificado	140,00 €.	800,00 €.

Segunda categoría:

1.° clasificado	180,00 €.	
2.° clasificado	170,00 €.	
3.° clasificado	160,00 €.	
4º clasificado	150,00 €.	
5º clasificado	140,00 €.	800,00 €.

Terceira categoría:

1.° clasificado	180,00 €.	
2.° clasificado	170,00 €.	
3.° clasificado	160,00 €.	
4º clasificado	150,00 €.	
5º clasificado	140,00 €.	800,00 €.

Cuarta categoría:

1.° clasificado	180,00 €.	
2.° clasificado	170,00 €.	
3.° clasificado	160,00 €.	
4º clasificado	150,00 €.	
5º clasificado	140,00 €.	800,00 €.

Donas:

1.ª clasificada	130,00 €.	
2.ª clasificada	120,00 €.	
3.ª clasificada	110,00 €.	360,00 €.

Veteranos:

1.ª clasificado	130,00 €.	
2.ª clasificado	120,00 €.	
3.ª clasificado	110,00 €.	360,00 €.

Veterano Master:

1.ª clasificado	130,00 €.	
2.ª clasificado	120,00 €.	
3.ª clasificado	110,00 €.	360,00 €.

Donas Junior:

1.ª clasificada	130,00 €.
2.ª clasificada	120,00 €.

3.ª clasificada	110,00 €.	360,00 €.	
Juniors:			
1.ª clasificado	130,00 €.		
2.ª clasificado	120,00 €.		
3.ª clasificado	110,00 €.	360,00 €.	6.580,00

Mínimo de 48 tiradores de media en 4 de 5 tiradas. En caso de non cumprir esta condición os premios serán reducidos a catro incluído o Campión na clasificación Xeral

En categorías 1ª, 2ª, 3ª e 4ª esixirase respectivamente un mínimo de 12 tiradores para ter acceso aos 5 premios, en caso de non cumprir este requisito, os premios reduciranse a tres.
En clases, esixirase respectivamente un mínimo de 6 tiradores para ter acceso a 3 premios, en caso de non cumprir este requisito, os premios reduciranse a dous.

CAMPIONATO GALEGO DE REGULARIDADE POR EQUIPOS DE CLUBES EN FOSO OLIMPICO.

Para participar no Campionato Galego de Regularidade por Equipos de Clubes, observaranse as seguintes Normas:

Para a formación de Equipos, so se esixirá que a Licencia federativa fose expedida polo mesmo Clube afiliado á Federación Galega de Tiro Olímpico.

Os equipos só representarán ó Clube polo que están afiliados.

Inscricións

Cada Clube pode inscribir tantos equipos como desexe. Cada equipo competirá cos tiradores inscritos, non podendo modificala composición dos mesmos, agás no caso de ausencia xustificada, poderá sustituese un dos tiradores que compoñen o equipo por outro tirador do mesmo Clube, antes do inicio da competición.

Prazo de inscrición

No prazo establecido para as inscricións individuais, realizarase a inscrición por equipos, indicando os compoñentes do mesmo, o Clube e o nome do equipo.

Importe da Inscrición:

Cada equipo abonará 15,00 euros de inscrición, 5,00 euros por compoñente.

Nos equipos que figuren compoñentes de clase Junior, ou Dona Junior, a inscrición destes tiradores será abonada pola FEGATO.

Desenvolvemento da competición

Destas catro competicións escolleránse os tres mellores resultados do equipo.
Ó equipo gañador da tirada adxudicaránselle cero (0) puntos, e os clasificados a continuación o mesmo número de puntos como pratos o separen do gañador, e unha vez sumados estos, darán a clasificación final do Campionato Galego de Regularidade en Foso Olímpico, por equipos de clubes.

Premios en metálico por clasificación que se establecen para este campionato:

Club Campión 90,00 € e Diploma.
Club Subcampión 60,00 € e Diploma.
Club Terceiro Clasificado 45,00 € e Diploma.

Gañadores de edicións anteriores:

ANO	NOME E APELIDOS	PROVINCIA
2024		
2023		
2022	S.D. Pena da Revolta	A Coruña
2021	S.D. Pena da Revolta	A Coruña
2020	S.D. Pena da Revolta	A Coruña
2019	S.D. Rio Sar	A Coruña
2018	S.D. Pena da Revolta	A Coruña
2017	S.D. Pena da Revolta	A Coruña
2016	S.D. Pena da Revolta	A Coruña
2015	S.D. Pena da Revolta	A Coruña
2014	Club de Tiro Olímpico Rio Lérez	Pontevedra
2013	Club de Tiro Olímpico Rio Lérez	Pontevedra

CAMPIONATO GALEGO POR EQUIPOS DE CLUBES EN FOSO OLÍMPICO

Para participar no Campionato Galego por Equipos de Clubes, observaranse as seguintes Normas:

Para a formación de Equipos, so se esixirá que a Licencia federativa para o ano fose expedida polo mesmo Clube afiliado á Federación Galega de Tiro Olímpico.

Cada Clube pode inscribir tantos equipos como desexe. Cada equipo competirá cos tiradores inscritos, non podendo modificala composición dos mesmos. No caso de ausencia xustificada, poderá sustituese un dos tiradores que compoñen o equipo por outro tirador do mesmo Clube, antes do inicio da competición.

Os equipos só representarán ó Clube polo que están afiliados.

Inscricións

Non se admitirá a inscrición de tiradores a título individual.

Nos equipos que figuren compoñentes de clase Junior, ou Dona Junior, abonarán o importe da inscrición establecida.

Prazo de inscrición

O establecido para os Campionatos Galegos e Competicións puntuables para o Campionato Galego de Regularidade.

Sorteo de escuadras

Farase por equipos, segundo a orde de inscrición polo Clube, alternándose os tiradores de cada equipo.

Desenvolvemento da competición

Tódolos equipos disputarán 75 pratos e dará a clasificación por equipos para a seguinte rolda.

A primeira eliminatoria, enfrontará 8 equipos contra outros 8, polo sistema previsto no cadro de eliminatorias, os que perdan serán eliminados. De non haber 16 equipos estableceranse cabezas de serie, segundo o resultado aos 75 pratos.

<u>CADRO DE ELIMINATORIAS</u>

A segunda rolda eliminatoria disputarase do mesmo xeito que a anterior.
Disputaranse as series necesarias ata clasificar un equipo, de xeito que o primeiro e segundo clasificado, sexa o resultado dunha eliminatoria a 25 pratos.

O Campionato Galego por Equipos de Clubes de Foso Olímpico , celebrarase, por esta orde, nas seguintes instalacións: Club de Tiro Rio Sar; Sociedade Deportiva Pena da Revolta; Club de Tiro San Roque e Club de Tiro Río Lérez. Conforme á orde establecida, o ano 2020 corresponde celebrarse nas instalacións de Club de Tiro Rio Sar.

Serán válidas para media de ascenso os primeiros 125 pratos.

Desempates:

Se dous equipos ou máis acadasen a mesma puntuación, na fase previa, a clasificación decidirase pola suma dos resultados de tódolos compoñentes do equipo na última serie de 25 pratos, logo pola penúltima serie, etc. Ata chegar a un desempate.

Unha vez superada a fase previa, os desempates faranse a morte súpeta, sumando os resultados do equipo en cada rolda de un só tiro a cada prato.
Na eliminación por equipos, os compoñentes do equipo eliminado farán de xuices-árbitros auxiliares.

Trofeos:

Equipos:

- 1º Medallas.
- 2º Medallas.

- 3º Medallas.

Clubes:

- 1º Diploma de Campión.
- 2º Diploma de Subcampión.
- 3º Diploma de Terceiro clasificado.

Clubes Gañadores de Edicións anteriores:

ANO	CLUBE	PROVINCIA
2024		
2023		
2022	S.D. Pena da Revolta	A Coruña
2021	Club de Tiro Río Lérez	Pontevedra
2020	Club de Tiro Río Lérez	Pontevedra
2019	Rio Sar	A Coruña
2018	Club de Tiro Rio Lérez	A Coruña
2017	S.D. Pena da Revolta	A Coruña
2016	S.D. Pena da Revolta	A Coruña
2015	Non se celebrou por falta de inscrición	
2014	Non se celebrou por falta de inscrición	
2013	Rio Lérez	Pontevedra
2012	Rio Sar	A Coruña
2011	Rio Sar	A Coruña
2010	Rio Sar	A Coruña
2009	Non se celebrou por falta de inscrición	s/d
2008	Cernadiñas Novas	Pontevedra
2007	Rio Sar	A Coruña
2006	Rio Sar	A Coruña
2005	Rio Sar	A Coruña
2004	Rio Sar	A Coruña
2003	Rio Sar	A Coruña
2002	Rio Sar	A Coruña
2001	Rio Sar	A Coruña
2000	Viña Tellado	Ourense
1999	Viña Tellado	Ourense
1998	Viña Tellado	Ourense

DOBRE TRAP

CAMPIONATO GALEGO DE DOBRE TRAP

Regulamento

1ª- Esta competición celebrarase cada ano entre o día 1° de maio e o 30 de setembro. A data exacta será fixada no Calendario Oficial da Federación Galega de Tiro Olímpico, dentro do período sinalado.

2ª- A organización correrá a cargo do clube organizador supervisado pola Federación Galega de Tiro Olímpico.

3ª- A competición será a 150 pratos. Ó finalizar disputarán a final os seis mellores da clasificación xeral.

4ª- A duración da tirada non excederá de dous días.

5ª- A clasificación será por categorías.

6ª- O programa constará de 4 trofeos para a clasificación xeral e tres por categorías máis veteranos, Donas e Juniors. Para formar grupo por categorías, será necesario un mínimo de tres tiradores.En caso de que interese ó clube organizador, poderá aumentar o número de trofeos só por categorías.

7ª- O tirador campión da edición anterior ten a opción de propor o clube da súa provincia que organice a edición seguinte. De non chegar a un acordo, será a Federación a que designe ó clube organizador, dentro da Rexión galega.

8ª- O trofeo ó gañador do campionato consiste nunha placa que acredite tal título, e que será costeada pola Federación.

9ª- Para optar ao premio en metálico que se sinala no parágrafo anterior, será condición indispensable ser galego ou estar empadroado en Galicia e sempre que compita con licenza da Federación Galega.

10ª- Para o non especificado nestas bases, rexirase polas normas de participación nos campionatos galegos vixentes en cada momento.

11ª- Este Regulamento deberá figurar como anexo ó programa de man de cada competición.

I2ª- A Federación Galega de Tiro Olímpico será a que velará polo cumprimento do presente Regulamento.

O Presente Regulamento foi aprobado pola Asemblea Xeral da Federación Galega de Tiro Olímpico, en sesión ordinaria celebrada en Santiago de Compostela o día 26 de febreiro de 1994.

Na asemblea da Federación Galega de Tiro Olímpico celebrada o día 16 de febreiro de 2002 aprobouse a modificación da cláusula 1ª.

As modificacións a este regulamento foron aprobadas pola Asemblea da Federación Galega de Tiro Olímpico en reunión ordinaria celebrada o día 29 de marzo de 2008, quedando aprobado o texto que figura como Regulamento.

SKEET OLÍMPICO

CAMPIONATO GALEGO DE SKEET

Regulamento

1ª- Esta competición celebrarase cada ano entre o día 1° de maio e o 30 de setembro. A data exacta será fixada no Calendario Oficial da Federación Galega de Tiro Olímpico, dentro do período sinalado.

2ª- A organización correrá a cargo do clube organizador supervisado pola Federación Galega de Tiro Olímpico.

3ª- A competición será a 125 pratos. Ó finalizar disputarán a final os seis mellores da clasificación xeral.

4ª- A duración da tirada non excederá de dous días.

5ª- A clasificación será por categorías.

6ª- O programa constará de 4 trofeos para a clasificación xeral e tres por categorías máis veteranos, Donas e Juniors. Para formar grupo por categorías, será necesario un mínimo de tres tiradores. En caso de que interese ó clube organizador, podará aumentar o número de trofeos só por categorías.

7ª- O tirador campión da edición anterior ten a opción de propor o clube da súa provincia que organice a edición seguinte. De non chegar a un acordo, será a Federación a que designe ó clube organizador, dentro da Comunidade galega.

8ª- O trofeo ó gañador do campionato consiste nunha placa que acredite tal título, e que será costeada pola Federación.

9ª- Para optar ao premio que se sinala no parágrafo anterior, será condición indispensable ser galego ou estar empadroado en Galicia e sempre que compita con licenza da Federación Galega.

10ª- Para o non especificado nestas bases, rexirase polas normas de participación nos campionatos galegos vixentes en cada momento.

11ª- Este Regulamento deberá figurar como anexo ó programa de man de cada competición.

I2ª- A Federación Galega de Tiro Olímpico será a que velará polo cumprimento do presente Regulamento.

O Presente Regulamento foi aprobado pola Asemblea Xeral da Federación Galega de Tiro Olímpico, en sesión ordinaria celebrada en Lugo o día 29 de marzo de 2008.

FOSO UNIVERSAL

CAMPIONATO GALEGO DE FOSO UNIVERSAL

Regulamento (Histórico)

1ª- Esta competición celebrarase cada ano entre o día 1° de maio e o 31 de agosto. A data exacta será fixada no Calendario Oficial da Federación Galega de Tiro Olímpico, dentro do período sinalado.

2ª- A organización correrá a cargo do clube organizador supervisado pola Federación Galega de Tiro Olímpico.

3ª- A competición será a 200 pratos.

4ª- A duración da tirada non excederá de dous días.

5ª- A clasificación será por categorías.

6ª- O programa constará de 4 trofeos para a clasificación xeral e tres por categorías máis Veteranos, Donas e Juniors. Para formar grupo por categorías, será necesario un mínimo de tres tiradores. En caso de que interese ó clube organizador, podará aumentar o número de trofeos só por categorías.

7ª- O Campionato Galego de Foso Universal , celebrarase, por esta orde, nas seguintes instalacións: Club de Tiro Rio Sar; Sociedade Deportiva Pena da Revolta; Club de Tiro San Roque; e Club de Tiro Río Lérez. Conforme á orde establecida, o ano 2020 corresponde celebrarse nas instalacións do Club de Tiro Rio Lérez

8ª – O trofeo do gañador do campionato consiste nunha placa que acredite tal título, e que será costeada pola Federación, ou trofeo equivalente de valor similar.

9ª- O gañador de cada edición será Premiado pola Federación, cunha cantidade en metálico, que cada ano, e previa aprobación da Asemblea, estableza, e que nunca será inferior a 300 €.

10ª- Para optar á bolsa de axuda que se sinala no parágrafo anterior, será condición indispensable ser galego ou estar empadroado en Galicia e sempre que compita con licenza da Federación Galega. Se o tirador vencedor da competición non reunise estas condición, a bolsa de axuda pasará o seguinte tirador clasificado na xeral, que as reuna.

11ª- Para o non especificado nestas bases, rexirase polas normas de participación nos campionatos galegos vixente en cada momento.

12ª- Este Regulamento deberá figurar como anexo ó programa de man de cada competición.

13ª- A Federación Galega de Tiro Olímpico será quen velará polo cumprimento do presente Regulamento.

O presente Regulamento foi aprobado pola Asemblea Xeral da Federación Galega de Tiro Olímpico, en sesión extraordinaria celebrada en Santiago de Compostela o día 26 de febreiro de 1994.

As modificacións a este regulamento foron aprobadas pola Asemblea da Federación Galega de Tiro Olímpico en reunión ordinaria celebrada o día 29 de marzo de 2008, quedando aprobado o texto que figura como Regulamento.

Modifícase o punto 1. Esta competición celebrarase cada ano entre o día 1° de abril e o 31 de agosto. A data exacta será fixada no Calendario Oficial da Federación Galega de Tiro Olímpico, dentro do período sinalado.

Modifícase o punto 9. O gañador de cada edición será Premiado pola Federación, cunha cantidade en metálico, que cada ano, e previa aprobación da Asemblea, estableza, e que nunca será inferior a 300 € (imprescindible a disputa do campionato de Regularidade para optar o premio en metálico.)

CAMPIONATO GALEGO DE REGULARIDADE EN FOSO UNIVERSAL

Normas de Clasificación.

As competicións que a continuación se relacionan son puntuables para acadar os premios en metálico do Campionato Galego de Regularidade en Foso Universal.

Campionatos puntuables :

1ª Fase Campionato galego
2ª Fase Campionato galego
3ª Fase Campionato galego
4ª Fase Campionato galego
Campionato galego

Destas 5 competicións puntuarán as 3 mellores das fases, mais o Campionato Galego a 200 pratos, sendo este obrigatorio.

Ó gañador da tirada adxudicaránlle cero (0) puntos, e ós clasificados a continuación o mesmo número de puntos como pratos o separen do gañador, e una vez sumados estos, darán a clasificación final do Campionato Galego de Regularidade en Foso Universal.

Os desempates resolveranse polos resultados das últimas tiradas escollidas para puntuar, empezando pola última, excepto para o posto de Campión Galego de Regularidade, que se desempatará no lugar e data que sinale a Federación Galega de Tiro Olímpico.

No Campionato Galego de Regularidade en Foso Universal, non se poderán incluir máis de dúas competicións por instalación.

Premios en metálico por clasificación que se establecen para este campionato:

Clasificación absoluta:

1 Campión Regularidade	500,00 €	500,00 €

Clasificación xeral:

1º clasificado	400,00 €.
2º clasificado	350,00 €.

3º clasificado	260,00 €.	
4º clasificado	230,00 €.	
5º clasificado	200,00 €.	1.440,00 €.

Primeira categoría:

1.° clasificado	180,00 €.	
2.° clasificado	170,00 €.	
3.° clasificado	160,00 €.	
4º clasificado	150,00 €.	
5º clasificado	140,00 €.	800,00 €.

Segunda Categoría:

1.° clasificado	180,00 €.	
2.° clasificado	170,00 €.	
3.° clasificado	160,00 €.	
4º clasificado	150,00 €.	
5º clasificado	140,00 €.	800,00 €.

Terceira Categoría:

1.° clasificado	180,00 €.	
2.° clasificado	170,00 €.	
3.° clasificado	160,00 €.	
4º clasificado	150,00 €.	
5º clasificado	140,00 €.	800,00 €.

Cuarta Categoría:

1.° clasificado	180,00 €.	
2.° clasificado	170,00 €.	
3.° clasificado	160,00 €.	
4º clasificado	150,00 €.	
5º clasificado	140,00 €.	800,00 €.

Donas

1º Clasificado	130,00 €	
2º Clasificado	120,00 €.	
3º Clasificado	110,00 €.	360,00 €.

Veteranos:

1º Clasificado	130,00 €	
2º Clasificado	120,00 €.	
3º Clasificado	110,00 €.	360,00 €.

Veterano Master:			
1º Clasificado	130,00 €		
2º Clasificado	120,00 €.		
3º Clasificado	110,00 €.	360,00 €.	
Junior feminino:			
1º Clasificado	130,00 €		
2º Clasificado	120,00 €.		
3º Clasificado	110,00 €.	360,00 €.	
Junior Masculino			
1º Clasificado	130,00 €		
2º Clasificado	120,00 €.		
3º Clasificado	110,00 €.	360,00 €.	6.580,00

Mínimo de 48 tiradores de media en 3 de 4 tiradas. En caso de non cumprir esta condición os premios serán reducidos a catro incluído o Campión na clasificación Xeral

En categorías 1ª, 2ª, 3ª e 4ª esixirase respectivamente un mínimo de 12 tiradores para ter acceso aos 5 premios, en caso de non cumprir este requisito, os premios reduciranse a tres.

En clases, esixirase respectivamente un mínimo de 6 tiradores para ter acceso a 3 premios, en caso de non cumprir este requisito, os premios reduciranse a dous.

CAMPIONATO GALEGO DE REGULARIDADE POR EQUIPOS DE CLUBS EN FOSO UNIVERSAL

Para participar no Campionato Galego de Regularidade por Equipos de Clubes, observaranse as seguintes Normas:

Para a formación de Equipos, so se esixirá que a Licencia federativa fose expedida polo mesmo Clube afiliado á Federación Galega de Tiro Olímpico.

Os equipos só representarán ó Clube polo que están afiliados.

Inscricións

Cada Clube pode inscribir tantos equipos como desexe. Cada equipo competirá cos tiradores inscritos, non podendo modificala composición dos mesmos, agás no caso de ausencia xustificada, poderá sustituise ún dos tiradores que compoñen o equipo por outro tirador do mesmo Clube, antes do inicio da competición.

Prazo de inscrición

No prazo establecido para as inscricións individuais, realizarase a inscrición por equipos, indicando os compoñentes do mesmo, o Clube e o nome do equipo.

Importe da Inscrición:

Cada equipo abonará 15,00 euros de inscrición, 5,00 euros por compoñente.

Nos equipos que figuren compoñentes de clase Junior, ou Dona Junior, a inscrición destes tiradores será abonada pola FEGATO.

Desenvolvemento da competición

Destas tres competicións escolleránse os dous mellores resultados do equipo.

Ó equipo gañador da tirada adxudicaránselle cero (0) puntos, e os clasificados a continuación o mesmo número de puntos como pratos o separen do gañador, e unha vez sumados estos, darán a clasificación final do Campionato Galego de Regularidade en Foso Universal, por equipos de clubs.

Premios en metálico por clasificación que se establecen para este campionato:

Club Campión	75,00 € e Diploma.
Club Subcampión	45,00 € e Diploma.
Club Terceiro Clasificado	30,00 € e Diploma.

Gañadores de edicións anteriores:

ANO	NOME E APELIDOS	PROVINCIA
2024		
2023		
2022	S.D. A Goberna	Ourense
2021	Club de Tiro Río Lérez	Pontevedra
2020	Non se celebrou	
2019	Club de Tiro Olímpico Rio Lérez	Pontevedra
2018	Club de Tiro Olímpico Rio Lérez	Pontevedra
2017	Club de Tiro Olímpico Rio Lérez (Trap-5)	Pontevedra
2016	Club de Tiro Olímpico Rio Lérez	Pontevedra
2015	S.D. Pena da Revolta	A Coruña
2014	Club de Tiro Olímpico Rio Lérez	Pontevedra
2013	Club de Tiro Olímpico Doce Setenta	Lugo

MINIFOSO

CAMPIONATO GALEGO DE MINIFOSO

Ó non dispor de Regulamento Técnico para esta modalidade, aplicarase o de Foso Universal, no que se refire a esquemas, distancias e categorías (tres máquinas do grupo central en Foso Olímpico e máquinas números 2,3 e 4 de Foso Universal. Poderase empregar munición de 28 gramos), non se admite robot para esta modalidade, na federación galega

O gañador de cada edición será Premiado pola Federación, cunha cantidade en metálico, que cada ano, e previa aprobación da Asemblea, estableza, e que nunca será inferior a 300 €, ou trofeo de valor similar

O Campionato Galego de Minifoso, celebrarase, por esta orde, nas seguintes instalacións: Club de tiro Piñeira, Club de Tiro A Goberna, Club de Tiro Olímpico Laracha, Sociedad Caza y Tiro San Miro e Club de Tiro Vía Künig. No ano 2024 se celebrará no C.T.O. Laracha e irá rotando conforme a orde establecida.

Gañadores de edicións anteriores Cpto. Galego de Regularidade por Equipos de Clubes:

ANO	NOME E APELIDOS	PROVINCIA
2024		
2023		
2022	S.D. Río Sar	A Coruña
2021	Club de Tiro Río Lérez	Pontevedra
2020	S.D. Pena da Revolta	A Coruña
2019	Club de tiro Rio Lérez	Pontevedra
2018	Club de tiro Olímpico 12/70	Lugo
2017	Club de Tiro Rio Lérez (Trap-3)	Pontevedra
2016	Sociedade D. Pena da Revolta (Trap-3)	A Coruña
2015	Sociedade Deportiva Pena da Revolta	A Coruña
2014	Sociedade Deportiva Pena da Revolta	A Coruña
2013	Club de Tiro Olímpico Doce Setenta	Lugo

NOTAS ACLARATORIAS

Aos premios en metálico, bolsas de axuda, medallas, etc., superiores a 300,00 €. aplicaráselles a dedución do % correspondente do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

As cantidades que se abonen aos técnicos da Federación Galega de Tiro Olímpico, Adestradores e Xuíces-árbitros, aplicaráselles a dedución do 2% de Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

Para poder cobrar os premios en metálico ou bolsas de axuda, os tiradores teñen que cumprir coa condición política de galego que ben establecida no Artigo 3.1 da lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de Autonómica de Galicia no que se di expresamente que gozan da condición política de galegos os cidadáns españois que, de acordo coas leis xerais do Estatuto, teñan a vecindade administrativa en calquera dos municipios de Galicia.

A Falta de participación nas competicións que se sinalan de seguido, e unha vez valorado o custo económico que supoñen a súa organización con tan pouca participación, obríganos a establecer uns mínimos de inscricións, para que o resultado económico non sexa tan gravoso para a Federación, e de non producirse as inscricións que se sinalan, non é posible asumir os custos pola Federación, agás que as Sociedades, sedes dos mesmos, colaboren economicamente na organización dos mesmos.

De xurdir algún problema para a celebración de algunha tirada para os campionatos galegos, da regularidade e equipos, por o motivo que sexa, está pasara o campo mais preto, de ser posible, de non poder usar ese campo, pasará o seguinte.

(1). O Campionato Galego por Equipos de Clubes en Foso Olímpico e en Foso Universal, celebrarase sempre que as inscricións alcancen os 12 equipos (36 Tiradores). De non alcanzarse o número de inscricións sinalado, non se celebrará a Competición, agás que o Clube sede da mesma asuma as inscricións da diferencia de equipos, ata completar 12.

(2). O Campionato Galego de Dobre Trap, celebrarase sempre que os tiradores inscritos alcance o número de 30 tiradores. De non alcanzarse o número de inscricións sinalado, non se celebrará a Competición, agás que o Clube sede da mesma asuma as inscricións da diferencia de tiradores, ata completar 30.

(3). O Campionato Galego de Skeet, de existiren instalacións, celebrarase sempre que os tiradores inscritos alcance o número de 30 tiradores. De non alcanzarse

o número de inscricións sinalado, non se celebrará a Competición, agás que o Clube sede da mesma asuma as inscricións da diferencia de tiradores, ata completar 30.

(4). No Campionato Galego de Minofoso, celebrarase sempre que os tiradores inscritos alcance o número de 30 tiradores. De non alcanzarse o número de inscricións sinalado, non se celebrará a Competición, agás que o Clube sede da mesma asuma as inscricións da diferencia de tiradores, ata completar 30.

(5). Nas competicións dos Campionatos de Regularidade de Foso Universal e Foso Olímpico, esixirase un mínimo de 30 tiradores. De non alcanzarse o número de inscricións sinalado, non se celebrará a Competición, agás que o Clube sede da mesma asuma as inscricións da diferencia de tiradores, ata completar 30.

Si por algunha circunstancia de forza maior, se tivera que suspender algunha tirada da federación, o comité técnico da mesma, xunto co vicepresidente de prato, decidirán as medidas a tomar.

O calendario de Actividades Sociais de Prato, foi programado a solicitude dos Clubes interesados, legalmente inscritos na Federación Galega de Tiro Olímpico, e que dispoñen de instalacións regulamentarias (Foso Olímpico, Foso Universal, Dobre Trap ou Skeet).

As Actividades programadas cos correspondentes orzamentos, executaranse, sempre que os ingresos destinados á actividade de prato o permitan.

Para participar nos campionatos organizados pola Federación Galega de Tiro Olímpico, os tiradores só poderán inscribirse a través do seu clube.

Os tiradores con licenza federativa doutras Federacións deberán inscribirse na Sé Central da Federación Galega de Tiro Olímpico, nos prazos establecidos para os tiradores galegos.

Os tiradores con licenza federativa doutras Federacións españolas, de non figurar a súa categoría, competirán en 2ª Categoría. Os tiradores doutros países competirán sempre en 1ª categoría.

Para participar nas competicións nacionais, que a inscrición teña que facerse a través da aplicación informática da Federación Galega, os tiradores da modalidade de prato, deberán inscribirse directamente na sé central da Federación (Casa do Deporte – Lugo), ata as 09.00 horas do lunes da semana anterior á competición. Aportando o xustificante de ingreso antes de que remate o devandito prazo na conta habilitada ao efecto. ABANCA: ES83-2080-5500-4130-4011-3430.

As modificacións nas licencias federativas, so se admitirán as solicitudes que teñan entrada na Federación Galega de Tiro Olímpico, antes do día 30 de novembro do ano anterior ó que se solicita a modificación. A solicitude de cambio de Clube ten que ter a aceptación do Clube para o que solicita o cambio. Deberase presentar escrito en orixinal asinado polo interesado e polo club para o que solicita o cambio.

No que á xestión das licenza federativas dos seus asociados se refire, os clubs poderán optar entre:

- tramitar as licenzas, nese caso tramitanas todas, recibindo 3 € por cada licenza de pago xestionada antes do 1 de novembro
- non tramitar as licenzas, de forma que todos os tiradores terían que xestionar individualmente a súa licenza desde a páxina web da Federación. Neste caso non se abonaría nada ao club pola xestión de licenzas.

Os tiradores que non pertenzan a ningún club (independentes) tramitarán a súa licenza federativa desde a páxina web da Federación, e realizarán o resto de xestións enviando un email a galega@fegato.es, tamén no caso de trámites relacionados coa Federación Española.

Advírtese aos tiradores que o seguro da licenza federativa cobre as incidencias que poidan xurdir só en instalacións deportivas autorizadas para a práctica do tiro ao prato (permanentes ou provisionais).

A Federación Galega de Tiro Olímpico, dispón de caixa de correo electrónico co seguinte enderezo:

galega@fegato.es

Teléfono: 982240241

Conta cunha páxina web con enderezo: www.fegato.es